



AVISO

Luís Menor Pérez, alcalde do Concello do Pereiro de Aguiar,

FAI SABER,

VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU, empresa concesionaria do servizo de **abastecemento municipal de auga potable**, comunica aos veciños e veciñas que na actual situación de vulnerabilidade para todos, especialmente para os autónomos, propietarios dunha pequena ou mediana empresa, comerciantes, restauradores, empresarios, hoteleiros ou persoas en situación de desemprego, teñen a súa disposición as seguintes **MEDIDAS**:

- **Finánciense ou aprázanse as facturas**, sen intereses, a todos los colectivos que ante esta situación excepcional presenten dificultades no pago das facturas.
- Dispoñen dun **plan de cota fixa (Plan 12 Gotas)**, que pode solicitar calquera cliente e que permite pagar todos os meses o mesmo importe en base ao consumo do ano anterior, regularizando ao final de ano a situación. No caso de que o importe sexa superior ou inferior ao consumido, devólvese a cantidade ou finánciase o pago nos seguintes meses, respectivamente.
- Ofrécese a posibilidade de **elixir a data do mes que prefiran para a domiciliación bancaria**.

MEDIDAS COMPLEMENTARIAS

- **SUSPÉNDENSEN TODOS OS CORTES DE SUBMINISTRO**. Parálzase calquera acción de reclamación de débeda ou de cortes de subministro, garantindo así que un ben básico como é a auga chegue a todos os fogares, tendo en conta ademais que a hixiene é unha acción indispensable para previr o contaxio do COVID 19.
- **DUPLÍCASE O PRAZO PARA O PAGO DAS FACTURAS**. Polo que o cliente dispón de dous meses para realizar o pago a partir do momento en lle chegue o recibo da auga.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 4K42RCYHSD25KDKQ6PD3GRR7K | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1